



Veciñanza organiza un curso gratuíto de RCP

Veciñanza organiza un curso gratuíto de RCP. Terá lugar o sábado día 12, de dez da mañá a dúas da tarde, e será impartido por un profesional sanitario no noso local social. As inscricións pódense facer enviando un correo electrónico a info@veciñanza.gal ata que se cubran as 14 prazas dispoñibles.

Cuntis, 4 de decembro de 2015. **Veciñanza organiza o sábado 12 de decembro un Curso gratuíto de Reanimación Cardiopulmonar (RCP) no noso local social**, situado no número 39 da rúa Circunvalación. **Terá unha duración de 4 horas (de 10:00 a 14:00 hrs)** e será impartido por un profesional sanitario. Falamos dunha materia de vital importancia non só no mundo do deporte, senón no noso día a día, no que en calquera momento nos podemos atopar cunha situación de emerxencia na que as nosas mans poden salvar unha vida. A formación básica nesta área estase a espallar cada vez máis en múltiples eidos, e é dunha utilidade de altísima importancia. Esta iniciativa espera contar coa participación dos/das membros dos clubs deportivos de Cuntis, pero non só, xa que **a inscrición é libre ata cubrir un máximo de 14 prazas**. Calquera veciño ou veciña interesada, independentemente de cal sexa o seu ámbito, pode **solicitar a inscrición enviando un correo electrónico a info@veciñanza.gal**, así como persoalmente.

A acción social de Veciñanza promove iniciativas útiles máis alá da intervención política. Este curso fai parte dese dinamismo que caracteriza o asociacionismo cuntese, sempre activo, que contribuíu a facer agromar o proxecto que hoxe é Veciñanza.